

RESOLUCIÓN CONXUNTA DA DIRECCION XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE FACENDA, POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS NOS RESPECTIVOS ÁMBITOS, ANTE O INCREMENTO DA CARGA ASISTENCIAL DERIVADA DA ATENCIÓN DO SARS-CoV-2.

Co obxecto de reforzar e dar resposta ás necesidades de efectivos nos distintos ámbitos de xestión dependentes desta Comunidade Autónoma, ante o incremento da carga asistencial derivada da atención do coronavirus SARS-CoV-2, con especial atención ás Residencias de Maiores ubicadas no seu territorio, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral da Función Pública dependente da Consellería de Facenda, en virtude das competencias atribuídas polos respectivos Decretos de estrutura orgánica, Decreto 137/2019, do 10 de outubro e Decreto 30/2017, do 30 de marzo, modificado polo Decreto 11/2019, do 7 de febreiro, acordan establecer o seguinte procedemento para a cobertura temporal de postos:

Primeiro.- De conformidade coa Resolución do 12 de decembro de 2017 (*D.O.G núm 11, do 16 de xaneiro de 2018*), a Dirección Xeral da Función Pública ou órgano que teña delegada a xestión de chamamentos no respectivo ámbito, están autorizados para a utilización con carácter excepcional das listas de contratación temporal do Servizo Galego de Saúde.

De modo recíproco, o Servizo Galego de Saúde poderá utilizar, se fose preciso ante unha situación de indispoñibilidade de aspirantes nas listas de selección temporal propias deste organismo, as listas de contratación temporal xestionadas pola Dirección Xeral da Función Pública.

Segundo.- O procedemento que se regula nesta Resolución só será de aplicación cando resulte debidamente acreditado polo órgano solicitante a absoluta indispoñibilidade de aspirantes nas listas propias do seu ámbito, e logo de practicadas outras medidas previas tales como mobilidade, reordenación de efectivos, revogación de suspensión de chamamentos e



calquera outra que se poida acordar no seu ámbito para atender a necesidade de efectivos que se produza.

Terceiro.- No suposto en que se requiran aspirantes das listas de selección temporal xestionadas polo Servizo Galego de Saúde, o procedemento será o seguinte:

1.- Co obxecto de preservar os datos de carácter persoal facilitados polas persoas aspirantes, o chamamento efectuarase polo Servizo Galego de Saúde, desde a Xerencia da área sanitaria do ámbito territorial no que se xenere a necesidade de contratación.

2.- Para tal efecto, por parte da Dirección de cada área sanitaria deberá facilitarse á Subdirección Xeral de Selección de Persoal do Servizo Galego de Saúde (seleccion.politicas.persoal@sergas.es) nome a apelidos, número de teléfono e enderezo de correo electrónico, da/s persoa/s encargada/s do chamamento/s no seu respectivo ámbito, ás que poderá dirixirse a solicitude e que será remitida por este órgano á Dirección Xeral da Función Pública.

3.- Unha vez que xurda a necesidade de efectivos, a Dirección Xeral da Función Pública ou órgano que corresponda deberá dirixir a solicitude á/s persoa/s de contacto indicada/s, debendo facilitar xunto con esta a seguinte información:

- Centro e localidade de desenvolvemento da prestación.
- Datos laborais de interese.
- Información da persoa de contacto ou procedemento a seguir para a formalización do contrato laboral ou nomeamento que corresponda.

4.- Por parte da unidade responsable do chamamento, transmitirase esta información á persoa aspirante no momento de efectuar o chamamento.



Cuarto.- No suposto en que se requiran aspirantes das listas de selección temporal xestionadas pola Dirección Xeral da Función Pública, o procedemento será o seguinte:

1.- Co obxecto de preservar os datos de carácter persoal facilitados polas persoas aspirantes, o chamamento efectuarase pola Dirección Xeral da Función Pública, desde a Unidade de Listas do ámbito provincial no que se xere a necesidade de contratación.

2.- Para tal efecto, a Dirección Xeral da Función Pública, a través da persoa titular da xefatura de servizo das listas de contratación temporal remitirá á Subdirección Xeral de Selección de Persoal do Servizo Galego de Saúde (seleccion.politicas.persoal@sergas.es) nome a apelidos, número de teléfono e enderezo de correo electrónico, da/s persoa/s encargada/s do chamamento/s nos ámbitos provinciais.

3.- Unha vez que xurda a necesidade de efectivos, a Subdirección Xeral de Selección de Persoal do Servizo Galego de Saúde u órgano que corresponda deberá dirixir a solicitude á/s persoa titular da xefatura de servizo de listas de contratación temporal, debendo facilitar xunto con esta a seguinte información:

- Centro e localidade de desenvolvemento da prestación.
- Datos laborais de interese.
- Información da persoa de contacto ou procedemento a seguir para a formalización do contrato laboral ou nomeamento que corresponda.

4.- Por parte da unidade responsable do chamamento, transmitirase esta información á persoa aspirante no momento de efectuar o chamamento.

Quinto.- Outras medidas

Con carácter excepcional, para atender as necesidades dos centros sociosanitarios da nosa comunidade, o Servizo Galego de Saúde poderá suscribir contratos laborais de duración





determinada con estudantes do grao de enfermería no último ano de formación, en funcións de auxilio sanitario e apoio, baixo a supervisión dun profesional sanitario, nos termos da Orde SND 232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a cuestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 23/03/2020 10:37:50

CVE: yskqFxaSV7
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

